

NOTA DE PRENSA

A Asociación de Balnearios de Galicia elixe a Marisol Espiño, de Termas de Cuntis, como nova presidenta

A entidade pon a disposición dos Concellos as indicacións que deben seguirse para non contaminar as augas subterráneas cando se realizan aproveitamentos xeotérmicos, pozos ou sondaxes

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017 (Vía Láctea Comunicación).- A Asociación de Balnearios de Galicia celebrou a súa Asemblea Xeral Ordinaria en Termas de Cuntis e no transcurso da mesma elixiuse á nova Xunta Directiva. A nova presidenta é **Marisol Espiño**, xerente de Termas de Cuntis, que substitúe no cargo a **Antonio Garaloces**, director do Balneario de Lugo-Termas Romanas.

O resto da Xunta Directiva compóñena o vicepresidente, **Antonio Garaloces**, do Balneario de Lugo; o secretario, **Jesús Garriga**, de Caldas de Partovia; o tesoureiro, **Bruno Figueroa**, do Balneario de Carballo; como vogal **Laura Gómez**, do Balneario de Mondariz; e o xerente da Asociación, **Benigno Amor**.

No transcurso da Asemblea aprobáronse as contas e presupostos, así como a memoria correspondente ao exercicio 2016. Deuse conta do plan de actuacións para este ano, destinado a poñer en valor o sector termal galego. Abordouse a divulgación social das iniciativas desenvoltas polo sector, en particular as relativas á actividade da Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia, entre as que destaca a elaboración dun “Vademécum das augas mineromedicinais de Galicia”, que se presentará a vindeira semana.

A protección das augas minerais subterráneas

Durante a xuntanza presentouse un informe realizado pola Comisión Xurídica da Asociación, relativo á normativa que deben ter en conta os técnicos en urbanismo dos Concellos nos que existen perímetros de protección de augas minerais á hora de tramitar solicitudes para aproveitamentos xeotérmicos, pozos e sondaxes.

Neste informe salientase que “a mellor maneira de conseguir a protección absoluta contra a contaminación dunha captación de augas minerais sería impedir todo tipo de actividade potencialmente contaminante sobre a área de recarga da mesma. Pero, ao tratarse dunha medida imposible de levar a cabo polas implicacións técnicas e sobre todo económicas que suporía, resulta máis axeitado definir os perímetros de protección”. Nesta liña, considérase a necesidade de establecer un sistema de zonas rodeando a captación, no interior das cales se restrinxen ou prohiben de maneira graduada, en función da proximidade á mesma, as actividades susceptibles de modificar a calidade da auga subterránea”.

“O perímetro de protección fixado outorga ao titular do aproveitamento do acuífero a garantía de que a Administración adoptará as medidas precisas para que dentro do mesmo non se realicen actividades que poidan prexudicar o normal aproveitamento das augas minerais” -indican dende Balnearios de Galicia-

A Asociación está integrada por 20 balnearios das catro provincias

A Asociación de Balnearios de Galicia naceu no ano 1985 co obxecto de representar e promocionar o sector termal galego. Un grupo de empresarios reuniuse na illa da Toxa e daquel encontro xurdiu a Asociación, a segunda que se creaba en España.

Na actualidade está integrada por un total de 20 balnearios. Na provincia da Coruña atópanse o balneario de Carballo e o de Compostela (Brión). Na provincia de Lugo están o de Guitiriz, Augas Santas (Pantón) e as Termas Romanas de Lugo. Na provincia de Ourense están representados os de Arnoia, Baños de Molgas, Laias (Cenlle), Lobios, O Carballiño e Caldas de Partovia (os dous no Carballiño) e Sousas (Verín). E na provincia de Pontevedra atópanse os de Acuña e Dávila (os dous en Caldas de Reis), Termas de Cuntis, Baños de Brea (Vila de Cruces), Caldelas de Tui, Isla de La Toja, Gran Hotel La Toja e o Balneario de Mondariz.

Ao remate do acto, o ata agora presidente da Asociación, Antonio Garaloces, agradeceu a confianza e apoio recibido durante os seus catro anos de mandato. E lembrou a Eduardo Laherrán, socio fundador e director durante un longo período do Balneario de Baños de Molgas, recentemente falecido.

PRENSA Asociación de Balnearios de Galicia

981 554 407 / 639 768 929 www.vialactea.es

www.balneariosdegalicia.gal